

Relato entretido

Antón Riveiro Coello, coñecido por obras como *Valquiria*, *A historia de Chicho Antela*, *A quinta do Saler*, *As rulas de Bakunin* ou *Homónima* achégase agora á literatura para lectores máis novos con *A voz do lago*, unha novela na que recrea algún momento da vida da poetisa galega homenaxeada este ano nas Letras Galegas, María Mariño, e na que de modo ficticio leva os rapaces polos vieiros da fantasía ata mergullalos nun mundo misterioso de lendas e tempos pasados realmente atractivos.

Sobre unha base real de feitos que tiveron lugar ao redor da figura de María Mariño a finais do verán de 1927, cando abandona Noia e se instala xunto aos seus tíos no Pazo asentado fronte ao mar na desembocadura do río Coroño, argalla o autor unha historia na que se entremesturan realidade e ficción nunha sorte de metaliteratura que mantén a atención sobre o que puido suceder e a interpretación que se fai de certos achados.

Xogar coa metaliteratura



MARÍA NAVARRO



As
lembrazanzas de
Irene, daquela
unha cativa de dez anos, actualí-

zanse cada vez que visita Escarabote e que a levan a recordar non só aquela fin de semana que pasou xunto a María no Pazo e que supuxo un punto de inflexión na súa relación coa moza, senón tamén outros momentos que permanecerán na súa memoria como pegadas imborrables dunha sincera amizade.

A lectura dun libro antigo, de coiro, escrito á man, con fermosos debuxos tirado da biblioteca do Pazo que ten como protagonista a Xohán de Lago, un mariño que acompañaba a Colón na descuberta do Novo Mundo e que puido ser antepasado seu, desacouga a moza María que afirma escoitar berros arrepiantes cando abre o libro e comeza a ler. Saber de onde veñen e por que se producen eses sons será un dos obxectivos que motiven as rapazas na súa investigación.

Trátase dunha novela entretida na que o autor quixo darlle verosimilitude aos feitos tomando como protagonistas personaxes reais, pero que a pouco que indagemos na historia narrada advertimos certas pasaxes incoherentes que serán para o lector toda unha proba de atención.

RIVEIRO COELLO, Antón, A voz do lago, (ilustr. Rodrigo Chao), Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 108 páxinas.